



“CONECTA CON GALICIA”

ALBERGUE XUVENIL GANDARÍO (BERGONDO) / COMPLEXO RESIDENCIAL XUVENIL LUG II (LUGO)

DATOS XERAIS:

- **ALBERGUE XUVENIL GANDARÍO** Recinto de 50.000 m. cadrados situado á beira da praia de Gandarío, con instalacións deportivas, laboratorio de aula-mariña, salón de xogos, museos de bioloxía mariña e de arte xove, salas de xuntanzas, zona de acampada con servizos, cuartos colectivos de 6-8 camas e cafetería.
- **R.X. FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS** Residencia xuvenil situada en pleno centro da cidade, próxima á Praza das Mercedes e ao casco histórico. Conta con habitacións individuais e dobres, con capacidade para 60 persoas, patio interior axardinado, comedor, sala de xogos con mesa de billar e fútbolín, salón de actos e conexión wifi.

ACCESOS: Avión aeroportos de Lavacolla (Santiago de Compostela), Alvedro (A Coruña) e Peinador (Vigo).

- **ALBERGUE XUVENIL GANDARÍO** A 2 km de Sada, na estrada de Betanzos. Autobuses desde A Coruña a todas as horas.
- **R.X. FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS** Tren e autobuses á cidade de Ourense.

ENDEREZOS:

ALBERGUE XUVENIL GANDARÍO
CORNIDE 20. 15167 BERGONDO (A CORUÑA)
Tfno.: 881 880 220

R.X. FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS
Rúa Arturo Pérez Serantes, 2. 32005 OURENSE
Tfno.: 988 252 412

QUENDA	ANO DE NACEMENTO	DESCRICIÓN ACTIVIDADES <i>“O MAR DE GALICIA” / “CULTURA E CAMIÑO”</i>
15-26 xullo	00-01-02-03	<p>Programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos e doutras comunidades, coa finalidade de dar a coñecer a realidade galega de xeito lúdico a través de experiencias nas que sexan protagonistas.</p> <p>Inclúe unha estancia de seis días no Albergue Xuvenil de Gandarío e outros seis días na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, en Ourense (días 21 a 26 de xullo).</p> <p>ACTIVIDADES XERAIS:</p> <p>Días 1º a 6º da quenda. Coñecemento do medio mariño a través de actividades relacionadas co mar</p> <p>Días 7º a 12º da quenda. Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Ourense e percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Vía da Prata).</p>



*Na metade da quenda o campamento cambiará de instalación, do Albergue Xuvenil de Gandarío pasarán ao Complexo Residencial Xuvenil LUG II de Lugo.

*Na páxina web www.xuventude.net atópase toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

*A páxina web www.xacobeo.es é a páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos.

*A páxina web www.turgalicia.es é o portal de información turística de Galicia.

NORMAS XERAIS:

1. Os/As participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.

2. Ningún/ha participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.

3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.

4. Poderase contactar co equipo de monitores **do día 1 ao 6** no teléfono **881 880 220** e **do día 7 ao 12** no teléfono **982 220 450** de **15.00 a 16.00 horas**. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Os participantes poderán chamar por teléfono no tempo libre.

5. Os centros teñen atención sanitaria. Os/As participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais**. O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Organizarase un “banco” onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

Na páxina web www.xuventude.net -no apartado de anexos- descargase a **autorización de fotografías** que se entregará cuberta o día da incorporación (de non tela entregado co resto da documentación)



- A **incorporación** realizarase o día de inicio da quenda, entre as **15:00 e as 17:00** horas, no **Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo)**.

- O **día de remate da quenda**, a **recollida dos participantes** deberá facerse **entre as 10:00 e as 12:00** horas no **na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense)**.

Todos/as os/as participantes deberán levar o seu DNI e tarxeta sanitaria.

MEDICAMENTOS EN CASO DE TRATAMENTO ESPECÍFICO COA CONSEGUINTE PRESCRICIÓN MÉDICA (Ver norma xeral n.º 5)

Dadas as características das actividades a realizar, **aconséllase levar:**

- | | |
|---|---|
| 1. Útiles de aseo | - Calzado deportivo que sirva en caso de choiva |
| 2. CREMA PROTECTORA SOLAR | - Chuvasqueiro |
| 3. Toallas de aseo e praia | - Mochila pequena para saídas |
| 4. Bañadores e gorro de piscina | - Bolsa para a roupa sucia |
| 5. Sandalias de goma con velcro | - Bolígrafo e caderno |
| 6. Chanclas pechadas (imprescindible) | - Saco de durmir e esteira |
| 7. Sombreiro ou gorra | - Lanterna |
| 8. Camisetas | - Traxe de neopreno, licra e escafpíns (se dispón deles) |
| 9. Pantalóns curtos ou bermudas | - Calzado, calcetíns e roupa axeitados para realizar as etapas do Camiño de Santiago |
| 10. Vestimenta deportiva e de abrigo:
Chándal, pantalóns, sudadeiras ou forro polar... | |

O horario básico da quenda será o seguinte:

- | | |
|---------------------------------|----------------------------|
| 08.30 - Erguerse e aseo persoal | 16.00 - Actívate ! |
| 09.00 - Almorzo | 16.15 - Actividades |
| 10.00 - Actívate ! | 20.00 - Recollida e duchas |
| 10.15 - Actividades | 21.00 - Cea |
| 13.45 - Recollida e aseo | 21.30 - Tempo libre |
| 14.00 - Xantar | 22.30 - Velada |
| 15.00 - Tempo libre | 23.45 - Silencio |